



SEGUIMIENTO OFICIAL DE TÍTULOS

INFORMACIÓN PÚBLICA: GRAO EN EDUCACION INFANTIL

FACULTADE DE
CIENCIAS
DA
EDUCACIÓN

OURENSE

CALENDARIO DE IMPLANTACIÓN

Cronograma de implantación do título

De acordo coas "Directrices propias da Universidade de Vigo sobre a organización dos planos de estudos de grao", no seu punto 8.3, a implantación do plan de estudos de Grao será progresiva, curso a curso, en cumprimento do apartado a) da "Disposición transitoria segunda. Ensinos anteriores" do RD1393/2007 que di: "a) Aos/as estudantes que na data de entrada en vigor deste real decreto, iniciasen estudos universitarios oficiais conforme a anteriores ordenacións, seranlles de aplicación as disposicións reguladoras polas que iniciasen os seus estudos, sen prexuízo do establecido na Disposición Adicional Segunda deste real decreto, ata o 30 de setembro de 2015, en que quedarán definitivamente extinguidas". Consecuentemente, o plan de estudos da Diplomatura extinguirase temporalmente curso por curso.

En relación co calendario de implantación poden darse condicións que aconsellen a implantación simultánea de varios cursos ou pola contra de forma secuencial. Xa que logo:

"Previamente ao comezo de cada curso académico a partir de 2009/10, a universidade concretará o número de cursos dos estudos de grao a implantar, tendo en conta para iso os recursos necesarios e as previsións de número de alumnos procedentes da titulación anterior, que se adaptan ao plan de grao. Diseñouse un plan de adaptación co obxectivo principal de favorecer que o alumnado da titulación anterior se adapte ao plan de estudos de grao".


Seguindo as recomendacións do documento do "Consello Galego de Universidades":

"Liñas xerais para a implantación dos Estudos de Grao e Posgrao non SUG", e tendo en conta que os recursos humanos e materiais existentes na Facultade de Ciencias da Educación así o permiten, propónse preferentemente a partir do curso 2009-10 a implantación curso por curso.

CRONOGRAMA GRAO EDUCACION INFANTIL				
	2009/10	2010/11	2011/12	2012/13
CURSO IMPLANTADO	1º	2º	3º	4º

Procedemento de adaptación, no seu caso, do alumnado dos estudos existentes ao novo plan de estudos:

O sistema de adaptación dos estudantes do actual título de Diplomado/a foi deseñado intentando axuntar a correspondencia lóxica de contidos e competencias asociados das materias dun e outro plan, coa transferencia e

 <p>UNIVERSIDADE DE VIGO</p>	<p>SEGUIMIENTO OFICIAL DE TÍTULOS</p> <p>INFORMACIÓN PÚBLICA: GRAO EN EDUCACION INFANTIL</p>	<p>FACULTADE DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN</p> <p>OURENSE</p>
---	---	--

o recoñecemento de todos os créditos derivados do traballo desenvolvido polo/a estudante, en consonancia coa filosofía derivada do sistema ECTS. Co fin de garantir unha transición ordenada e evitar posibles prexuízos aos/as estudantes, o procedemento poderá ser revisado anualmente durante o período de implantación para corrixir posibles desviacións da proposta e solucionar problemas que a práctica vaia pondo en evidencia.

A Xunta de Facultade nomeará unha **Comisión de Convalidacións e Adaptacións** que será a encargada de levar a cabo os procesos de adaptación ao novo Plan de Estudos de Grao. A súa composición incluirá profesores/as da titulación, PAS e estudantes, na proporción que estableza a propia Xunta de Facultade.

O sistema de adaptacións inclúe unha **Guía de Adaptacións** que orientará os procesos de adaptación. A Comisión de Adaptacións será a encargada de resolver devanditos procesos, seguindo as indicacións da Guía, podendo adaptar estas indicacións atendendo ao expediente concreto de cada estudante e aos obxectivos da titulación. Establecerase e darase publicidade ao procedemento de solicitude de adaptación e ás canles de comunicación coa Comisión de Adaptacións, que terá potestade para resolver as cuestións concretas que poidan xurdir como pode ser o recoñecemento de créditos de Libre Elección, ou calquera outra cuestión derivada da situación persoal de cada estudante.

Estableceranse as canles adecuadas para que os/as estudantes poidan expor as súas dúbidas e reclamacións sobre o proceso de adaptación, que serán respondidas e resoltas pola Comisión de Adaptacións.

Guía de Adaptacións: consultar memoria

Aquelas materias do plan antigo que non teñan equivalencias ou non sexa posible a súa homologación ao plan novo, serán homologables por 6 créditos optativos segundo a normativa vixente.

Información sobre a adaptación dos/as estudantes aos estudos existentes ao novo plan de estudos:

A comisión académica valorará cada curso académico se procede ou non a adaptación de materias previamente cursadas polos estudantes. En todo caso, os procedementos de adaptación faranse atendendo á normativa de transferencia e recoñecemento de créditos da Universidade de Vigo.